

carácter ocasional ou illado, como unha infracción grave, de acordo co previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

b) Para as empresas de servizos de investimento, as institucións de investimento colectivo, as entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras, respectivamente, como unha infracción grave de acordo co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e a Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras.

c) Para as entidades aseguradoras, como infracción grave ou moi grave de acordo cos artigos 40.4.b e 40.3.b do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

d) Para os mediadores de seguros, como infracción grave ou moi grave de acordo cos artigos 55.3.a) e 55.2.c) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

e) Para as entidades xestoras de fondos de pensións, como infracción grave ou moi grave de acordo cos artigos 35.3.ñ) e 35.4.ñ) do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.

3. No caso de provedores de servizos financeiros distintos dos establecidos no número 2 precedente, o incumprimento das disposicións desta lei será sancionado como infracción en materia de consumo, aplicándose o disposto na lexislación específica sobre protección de consumidores e usuarios.

4. Cando como consecuencia dunha actuación sancionadora se tiver coñecemento de feitos que puideren ser constitutivos de infraccións tipificadas noutras leis, darase conta destes aos órganos ou organismos competentes para a súa supervisión e sanción.

5. O consumidor poderá rescindir o contrato en todo momento, sen gastos e sen penalización ningunha.

Disposición adicional primeira. *Modificación da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa de consumidores e usuarios.*

Introdúcese un novo número, 19 bis, á disposición adicional primeira («Cláusulas abusivas») coa seguinte redacción:

«19 bis. A imposición ao consumidor da carga da proba sobre o incumprimento total ou parcial do provedor a distancia de servizos financeiros das obrigas impostas pola norma que os regula.»

Disposición adicional segunda. *Plan de medidas de loita contra as actividades de captación a distancia de información confidencial de forma fraudulenta.*

No prazo de seis meses, o Goberno, conxuntamente coas comunidades autónomas, e en colaboración cos axentes económicos afectados, presentará un plan de medidas de loita contra as actividades de captación a distancia de información confidencial de forma fraudulenta, incorporando medidas de protección dos consumidores e usuarios que prioricen os elementos de seguranza nas transaccións e minimicen os riscos e consecuencias económicas que para os cidadáns se derivan destas condutas delituosas.

Disposición derogatoria.

Quedan derogados á entrada en vigor desta lei:

a) O artigo 6 bis da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

b) Os parágrafos segundo e terceiro do número 1 do artigo 83.a) da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

c) Do número 2 do artigo 83.a) da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, o inciso que di: «Trátándose dun contrato de seguro comercializado a distancia, a comunicación farase de acordo coas instrucións que o tomador recibise de conformidade co previsto no número 3 do artigo 60 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados».

d) La disposición adicional segunda da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

e) O primeiro parágrafo do número 3, o número 4 e o número 5 do artigo 60 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Disposición derradeira primeira. *Competencia constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a, 8.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que, se for o caso, correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei complétase a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2002/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2002, relativa á comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

13587 REAL DECRETO 869/2007, do 2 de xullo, polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais en atención ás situacións especiais derivadas do traballo no mar para traballadores e beneficiarios do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e se establecen determinados servizos aos traballadores do mar. («BOE», 168, do 14-7-2007.)

O traballo no mar caracterízase por unha serie de situacións que veñen dadas pola súa natureza e polas condicións do centro onde se realiza. En primeiro lugar, o traballador debe reunir unhas condicións específicas ao se enrolar para exercer a súa profesión. En segundo lugar, a condición de mobilidade do buque como centro de traballo

e o exercicio profesional nun medio hostil xéranlle ao traballador, por unha parte, situacións de alto risco derivado da permanente exposición aos perigos do mar e, por outra, de afrontar nos portos, sobre todo no estranxeiro, perigos ou dificultades especiais e, nun caso extremo, o risco de abandono por calquera causa: fin de contrato, abandono do buque ou da tripulación, naufraxio e outros supostos de terminación ou interrupción do emprego.

O texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, no seu artigo 29.1.j) e 2, inclúe entre a acción protectora deste réxime as prestacións e servizos sociais en atención a continxencias e situacións especiais e os beneficios da asistencia social da Seguridade Social.

Pola súa vez, o artigo 44 do citado texto refundido determina que «Con independencia das prestacións a que se refiren os artigos anteriores, estableceranse en favor dos traballadores e, se é o caso, das súas familias, os servizos sociais que regulamentariamente se determinen en atención a continxencias e situacións especiais», aludíndose, entre outros beneficios, ás indemnizacións por naufraxio e á asistencia social que «se poderá conceder nos mesmos supostos e condicións que no réxime xeral, así como nas situacións excepcionais de paro involuntario que superen o estacional correspondente á falta de coiteira e ao anormal estado do mar».

Así mesmo, a disposición derradeira cuarta.2 do referido texto refundido autoriza o Goberno para modificar, en beneficio dos traballadores, as prestacións establecidas na propia norma.

Por outra banda, o convenio número 23, revisado polo convenio número 166, sobre a repatriación da xente de mar, da Organización Internacional do Traballo recoñécelle ao traballador do mar o dereito a ser repatriado en casos de extinción, por diversas causas, do contrato no estranxeiro. No caso de que o armador non tome as medidas necesarias para a súa repatriación, de acordo co referido convenio, correspóndelle, e por esta orde, á autoridade competente do Estado en cuxo territorio estea matriculado o buque, ao Estado de cuxo territorio deba ser repatriado ou ao Estado do cal sexa nacional o traballador.

En consecuencia, regúlanse prestacións asistenciais en atención a continxencias e situacións especiais do traballo no mar e establécense determinados servizos de asistencia no estranxeiro para o sostemento e a repatriación de traballadores do mar en caso de abandono por empresas insolventes, apresamento, naufraxio e outros análogos, e para a atención urxente aos traballadores do mar transeúntes, nacionais ou estranxeiros, que o necesiten como consecuencia de naufraxio, accidente, ou calquera outra causa xustificada, en territorio nacional.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 29 de xuño de 2007,

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do real decreto e finalidade das prestacións asistenciais e servizos.*

Este real decreto desenvolve o artigo 29.1.j) do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado

polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e determina as prestacións asistenciais en atención a continxencias e situacións especiais do traballo no mar.

Así mesmo, establece determinados servizos para garantirles a asistencia aos traballadores do mar no estranxeiro e aos transeúntes en territorio nacional, en cumprimento do convenio número 23, revisado polo convenio número 166, sobre a repatriación da xente de mar, da Organización Internacional de Traballo.

CAPÍTULO II

Prestacións asistenciais

Artigo 2. *Concepto, situacións e obxecto de cada prestación asistencial.*

As prestacións asistenciais concédense para a atención das situacións especiais derivadas do traballo no mar. Enténdese como situacións especiais derivadas do traballo no mar aquelas situacións en que se atopa o traballador do mar como consecuencia das circunstancias que concorren no traballo marítimo e pesqueiro. Son as seguintes:

a) Perda de equipaxe individual como consecuencia de naufraxio ou accidente de mar.

Esta prestación ten por obxecto compensar os traballadores que traballan a bordo da embarcación dos danos e perdas económicas orixinados pola perda de equipaxe e aparellos de uso persoal a consecuencia de naufraxio ou accidente de mar.

b) Falecemento a bordo ou desaparición.

Aplicase esta prestación a aquelas situacións en que o traballador falece a bordo da embarcación e a aquelas outras en que, sen ter probas do seu falecemento a bordo, haxa constancia da súa desaparición.

c) Traslado de cadáveres.

Concederase esta prestación para contribuír a facer fronte aos gastos ocasionados polo traslado, ao seu lugar de residencia, do cadáver do tripulante que falecese mentres prestaba os seus servizos en buques nacionais ou estranxeiros.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das prestacións asistenciais, sempre que se acrediten os requisitos establecidos no artigo 4, os seguintes:

a) Os traballadores do mar incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) Os familiares ou asimilados dos traballadores incluídos na alínea a), e por esta orde:

1.º O cónxuxe e os parentes por consanguinidade, afinidade ou por adopción, ata o segundo grao inclusive, que convivan con eles e ao seu cargo, salvo que a non-convivencia, no caso dos fillos, derive de sentenza xudicial de separación matrimonial ou divorcio.

2.º Quen, sen ser o seu cónxuxe, manteña análoga relación de afectividade e conviva con eles e ao seu cargo. Para ser beneficiario destas prestacións deberán acreditar un ano, como mínimo, de convivencia ininterrompida.

3.º Os incluídos nos números 1.º e 2.º, e por esta orde, tras o falecemento do titular do dereito.

c) Para a prestación que se recoñece na situación prevista no artigo 2.c) presumirase, salvo proba en contrario, que os gastos foron sufragados polo cónxuxe

supervivente, fillos e parentes do falecido que convivan con el habitualmente, ou o patrón, armador ou consignatario.

Artigo 4. *Requisitos.*

Para causar dereito ás prestacións asistenciais, os traballadores deberán estar en situación de alta ou asimilada á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar ao sobrevir a continxencia ou situación protexida, sen prexuízo do previsto no artigo 40.4 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, e acreditar que se está incurso nalgunha das situacións específicas do traballo no mar previstas no artigo 2.

Artigo 5. *Contía das prestacións asistenciais.*

A contía das prestacións asistenciais que se outorgará para cada situación determinará regulamentariamente o Ministerio de Trballo e Asuntos Sociais.

Artigo 6. *Solicitudes.*

1. O procedemento iníciase por solicitude do interesado e as solicitudes serán presentadas nas direccións provinciais ou locais do Instituto Social da Mariña, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Xunto coas solicitudes deberase presentar a documentación que determine regulamentariamente o Ministerio de Trballo e Asuntos Sociais.

3. Se os solicitantes non xuntasen toda a documentación exixida ou a presentada tivese algún defecto formal, serán requiridos para que, no prazo de dez días, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 de Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 7. *Tramitación de solicitudes.*

1. As direccións provinciais do Instituto Social da Mariña tramitarán as solicitudes presentadas para todas as prestacións asistenciais baseándose nos datos achegados, e realizarán as comprobacións que procedan.

2. As direccións provinciais do Instituto Social da Mariña, antes da resolución, deberán efectuar o trámite de audiencia nos termos establecidos no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 8. *Resolución, notificación e recurso.*

Correspóndelles aos directores provinciais do Instituto Social da Mariña a resolución das solicitudes das prestacións asistenciais.

1. O director provincial do Instituto Social da Mariña, no prazo de quince días desde a data de elevación da correspondente proposta, logo de fiscalización de conformidade polo correspondente órgano da Intervención Xeral de Seguridade Social, ditará resolución motivada en que se expresará a concesión da prestación asistencial e a súa contía ou, se é o caso, a súa desestimación.

2. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de tres meses contados a partir do día en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Instituto Social da Mariña. De acordo co previsto na disposición adicional vixésimo quinta do texto

refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, o silencio administrativo ten efectos desestimatorios.

A resolución notificarase de acordo co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, publicándose, así mesmo, nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Instituto Social da Mariña.

3. Contra a resolución do director provincial do Instituto Social da Mariña poderase interpoñer reclamación previa ante o propio director provincial do Instituto Social da Mariña e, se é o caso, demanda ante o xulgado do social, nos termos previstos no artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril.

CAPÍTULO III

Servizos

Artigo 9. *Concepto, situacións e obxecto de cada servizo.*

Os servizos dispensaranse para garantir a asistencia aos traballadores do mar nas seguintes situacións:

a) Asistencia no estranxeiro.

O obxecto deste servizo é a asistencia aos traballadores do mar en casos de abandono por empresas insolventes, por apresamento, naufraxios e outros análogos no estranxeiro, procedendo ao seu sostemento e restitución ao seu lugar de residencia, adiantando os gastos que fosen necesarios, sen prexuízo da responsabilidade que compete ao navieiro, armador ou representante legal.

b) Asistencia a transeúntes.

O obxecto deste servizo é a asistencia aos traballadores do mar transeúntes, nacionais ou estranxeiros, que como consecuencia de naufraxio, accidente ou calquera outra causa xustificada, en territorio nacional, poidan requirir atencións urxentes ata que a empresa armadora, o representante legal ou as autoridades competentes do país de que se trate se poidan facer cargo deles.

Este servizo prestarase sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas que recibisen o traspaso da xestión do Instituto Social da Mariña en materia de servizos sociais.

Artigo 10. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios dos servizos:

a) Para a atención da situación asistencial no estranxeiro:

Os traballadores do mar españois e os naturais das nacións que conforman o espazo económico europeo que teñan residencia en España e que estean incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Os traballadores do mar españois aínda que non estean incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Os traballadores do mar naturais das nacións que conforman o espazo económico europeo que teñan residencia en España e non estean incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, sempre que non fose asumida a súa repatriación, no caso que lle corresponda, polo Estado do cal sexan nacionais.

b) Para a atención da situación asistencial a transeúntes, os traballadores do mar de calquera nacionalidade.

Artigo 11. *Requisitos.*

Para acreditar dereito aos servizos para a atención dos traballadores do mar previstos no artigo 9, os solicitantes deberán acreditar que están incurso en algunha das situacións que se consideran no devandito artigo.

Artigo 12. *Contía dos servizos.*

A contía necesaria para cubrir os servizos determinará regulamentariamente o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Estas contías serán aboadas polo Instituto Social da Mariña, para seren requiridas posteriormente ás empresas armadoras ou aos consignatarios.

Artigo 13. *Procedemento do servizo de asistencia no estranxeiro.*

O Instituto Social da Mariña solicitaralle á representación diplomática española no país de que se trate o informe sobre a situación de abandono e estado de necesidade dos traballadores, así como sobre a necesidade da súa repatriación. Así mesmo, porá en coñecemento do armador e, se é o caso, do Estado de abandeiramento do buque, a situación dos traballadores e a necesidade da súa repatriación.

En razón do referido informe solicitaráselle, no suposto de non existir resposta do armador ou do Estado de abandeiramento, se é o caso, á representación diplomática española que atenda os gastos que se orixinen polo sostemento e polos billetes para o traslado de todos os tripulantes que fosen abandonados, comprometéndose o Instituto Social da Mariña ao seu reintegro.

O procedemento de reclamación dos gastos que lles correspondan aos armadores establecidos, ou que dispoñan de representación legal ou consignatario, no territorio nacional, levarase a cabo de acordo coa normativa aplicable en materia de xestión recadatoria da Seguridade Social.

Cando o armador non estea establecido no territorio nacional nin dispoña neste de representante legal ou consignatario, trasladarase o gasto ao Estado de abandeiramento do buque para que, pola súa vez, lle exixa ao armador o seu reintegro ao Instituto Social da Mariña.

En caso de que estes riscos estivesen asegurados reclamarase o reintegro dos gastos á entidade aseguradora.

Artigo 14. *Solicitudes.*

1. O procedemento iníciase por solicitude do interesado e as solicitudes serán presentadas nas direccións provinciais ou locais do Instituto Social da Mariña sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Xunto coas solicitudes deberase achegar a documentación que determine regulamentariamente o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

3. Se os solicitantes non xuntasen toda a documentación exixida ou a presentada tivese algún defecto formal, serán requiridos para que, no prazo de dez días, emenden a falta ou xunten os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 15. *Tramitación de solicitudes.*

1. As direccións provinciais do Instituto Social da Mariña tramitarán as solicitudes presentadas para o servizo previsto no artigo 9.b) con base nos datos achegados e realizarán as comprobacións que procedan.

2. As direccións provinciais, antes da resolución, deberán efectuar o trámite de audiencia nos termos establecidos no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A Subdirección Xeral de Acción Social Marítima do Instituto Social da Mariña tramitará as solicitudes para a atención do servizo previsto no artigo 9.a) en coordinación coas autoridades consulares.

Artigo 16. *Resolución, notificación e recursos.*

1. Correspóndelles aos directores provinciais do Instituto Social da Mariña a resolución das solicitudes do servizo previsto no artigo 9.b).

a) O director provincial do Instituto Social da Mariña, no prazo de quince días desde a data de elevación da correspondente proposta, logo de fiscalización de conformidade polo correspondente órgano da Intervención Xeral de Seguridade Social, ditará resolución motivada en que se expresará a concesión do servizo e o importe ou, se é o caso, a súa desestimación.

b) O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de trinta días hábiles contados a partir do día en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Instituto Social da Mariña. A teor do artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o silencio administrativo ten efectos estimatorios.

A resolución notificarase de acordo co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e publicarse, así mesmo, nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Instituto Social da Mariña.

c) Contra a resolución do director provincial do Instituto Social da Mariña poderase interpoñer recurso de alzada ante o director xeral do Instituto Social da Mariña, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Correspóndelle ao director xeral do Instituto Social da Mariña a resolución das solicitudes do servizo previsto no artigo 9.a).

a) O director xeral do Instituto Social da Mariña, no prazo de quince días desde a data de elevación da correspondente proposta, logo de fiscalización de conformidade polo correspondente órgano da Intervención Xeral de Seguridade Social, ditará resolución motivada en que se expresará a prestación do servizo e o seu importe ou, se é o caso, a súa desestimación.

b) O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de trinta días hábiles contados a partir do día en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Instituto Social da Mariña. A teor do artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o silencio administrativo ten efectos estimatorios.

A resolución notificarase de acordo co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, publicarse, así mesmo, nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Instituto Social da Mariña.

c) Contra a resolución da Dirección Xeral do Instituto Social da Mariña, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o citado órgano, no prazo dun mes a partir da data de notificación, ou ben impugnala directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazos previstos nos artigos 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Infraccións e sancións.*

En materia de infraccións e sancións observarase o disposto no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Disposición adicional segunda. *Normativa de aplicación.*

No non previsto por este real decreto aplicárase o disposto no texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

13588 REAL DECRETO 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. («BOE» 168, do 14-7-2007.)

De conformidade co artigo 37.1, da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, a finalidade primordial da política de emprego dos traballadores con discapacidade debe ser a súa integración, en condicións que garantan a aplicación do principio de igualdade de trato, no sistema ordinario de traballo ou, na súa falta, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante a fórmula especial de traballo protexido, a través dos centros especiais de emprego. Nos últimos anos, grazas ao firme compromiso e á actuación conxunta das administracións públicas, os interlocutores sociais e o tecido asociativo da discapacidade, despregouse unha relevante actividade normativa, programática e orzamentaria para favorecer o acceso ao emprego das persoas con discapacidade que ofreceu resultados alentadores, reflectidos nunha crecente incorporación de persoas con discapacidade ao mercado de traballo. Esta intensificación das políticas activas de emprego dirixidas aos traballadores con discapacidade débese continuar e ampliar procurando novas fórmulas cuxa prioridade sexa a inserción laboral no mercado de traballo ordinario.

Estas novas fórmulas deben ter en conta a diversidade e pluralidade que caracteriza a poboación con discapacidade, debéndose atender de forma diferente segundo as demandas e necesidades que cada grupo de traballadores con discapacidade presenta. En efecto, dentro do conxunto das persoas con discapacidade, existen grupos que, debido ao tipo de deficiencia concreta que teñen, como por exemplo parálise cerebral ou trastornos do

espectro autista, ou ao seu grao de minusvalidez, topan con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo. Esta realidade exige a adopción de medidas específicas, que se poderían considerar de acción positiva dentro do grupo das persoas con discapacidade, xa que se trata de tratamentos máis intensos e diferenciados para estimular a empregabilidade destes grupos de traballadores con discapacidade que teñen máis dificultades de inserción laboral.

Unha das medidas que pode favorecer de modo máis importante a inserción das persoas con discapacidade severa no mercado de traballo ordinario é o emprego con apoio. Este consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados aos traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral que realizan a súa actividade en empresas normalizadas, do mercado ordinario de traballo, en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos similares.

Precisamente pola importancia e transcendencia que ten o emprego con apoio na integración no mercado de traballo ordinario das persoas con discapacidade, o propio Programa Nacional de Reformas de España, aprobado no 13 de outubro de 2005, que constitúe a referencia fundamental da política económica do Goberno español para o período 2005-2010, establece, dentro do sexto eixe de actuación, correspondente ao «Mercado de Traballo e Diálogo Social», como primeira medida para favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade a «Regulación do emprego con apoio, como medida de fomento de emprego das persoas con discapacidade con especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo».

Así mesmo, o 28 de xuño de 2005 foi aprobada na Comisión de Traballo e Asuntos Sociais do Congreso dos Deputados a proposición non de lei sobre modificación da normativa dos centros especiais de emprego e a regulación do emprego con apoio, na cal se insta o Goberno para que se «adopten as medidas necesarias para regular o emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con especiais dificultades para a inserción laboral».

Por último, a necesidade de regular o emprego con apoio aparecía tamén incluída no acordo asinado o 3 de decembro de 2002 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) sobre medidas para mellorar as oportunidades de emprego das persoas con discapacidade, concretamente no punto III.2, titulado «Facilitar o tránsito ao emprego ordinario».

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación conferida ao Goberno polo artigo 17.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, consonte o cal «o Goberno poderá outorgar subvencións, desgravacións e outras medidas para fomentar o emprego de grupos específicos de traballadores que topen con dificultades especiais para acceder ao emprego», ben como do artigo 26.1 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que habilita o Goberno para establecer programas específicos destinados a fomentar o emprego das persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo, citando expresamente as persoas con discapacidade.

Á vista destes antecedentes, apróbase este real decreto, cuxo obxecto é a regulación do programa de emprego con apoio como medio de integración laboral das persoas con discapacidade no sistema ordinario de traballo. Para iso defínense as accións que, para os efectos deste real decreto, constitúen un proxecto de emprego con apoio, ben como os destinatarios finais e os seus promotores. Tamén se regula a subvención de custos laborais e de seguranza social derivados da contratación de prepa-